

DECRETO NÚMERO 17008444 DO 28/09/2017

Ilma. Sra. Dona Carmen Basadre Vázquez Tenente de Alcalde Delegado da Area de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da lingua.

Instruído expediente relativo a: **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN (LOTE 1) E NADAL (LOTE 2) DE 2017 EXPTE REF. 32-2017.. ADXUDICACION**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Proposta do Servicio de Contratación do 22 de setembro do 2017, do teor literal seguinte:

“1º.- Decreto da Alcaldía número 17007243 do 11 de agosto do 2017, polo que se aproba a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN (LOTE 1) E NADAL (LOTE 2) DE 2017. EXPTE REF. 32-2017**, os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeron a súa licitación, e a forma de adxudicación polo procedemento aberto.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Acta da Mesa de Contratación, do 13 de setembro do 2017, do teor literal seguinte:

“Sendo as 13:00 horas do día 13 de setembro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei Xefe de Servizo do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz como Asesor Xurídico.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal
- dona Dolores Moya Domene funcionaria da Sección de Cultura.
- dona Ana Tabarés Martínez, técnico de administración xeral do Servizo de Contratación.

Asiste ademais don Miguel Angel Vázquez Conde, pola empresa ILUMINACIONES SANTIAGESAS S.L.

Procedese por parte do Presidente a dar lectura do informe da Sección de Cultura de 8 de setembro de valoración do DOSSIER DE DESEÑO LUMÍNIMO que dí:

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: 1506602664056.doc

Asunto: decreto adxudicacion

“ Iluminaciones Santiaguesas S.L., Creaciones Luminosas S.L. e Iluminaciones Artísticas Salnés S.L., e segundo os criterios de valoración e ponderación relativo á Estética, punto 4 b) e a o punto 4 c) do Prego (deseño específico da rúa Puro Cora no San Froilán-2017 e a Casa Consistorial no Nadal-2017 de acordo coa valoración desglosado nos cadros seguintes:

Iluminaciones Artísticas Santiaguesas: (STG) Creaciones Artísticas Salnés (SLN) e Creaciones Luminosas, S.L (CLU)

LOTE 1 (SAN FROILÁN-2017):

Iluminaciones Artísticas Santiaguesas (STG): 17puntos de estética+9 puntos de deseño específico **TOTAL= 26 puntos.**

Iluminaciones Artísticas Salnés (SLN): 14 puntos de estética + 4 puntos de Deseño Específico..... **TOTAL= 18 puntos.**

Creaciones Luminosas S.L (CLU): 15 puntos de estética + 6 puntos de deseño Específico..... **TOTAL= 21 puntos, pero os arcos do Carril das Flores non se axustan ao deseño solicitado no Prego (motivos alegóricos ao Camiño Primitivo).**

LOTE 2 (NADAL-2017):

Iluminaciones Artísticas Santiaguesas (STG): 16 puntos de estética+ 9 puntos de deseño específico..... **TOTAL= 25 puntos.**

Iluminaciones Artísticas Salnés (SLN):17 puntos de estética + 5 puntos de Deseño Específico **TOTAL= 22 puntos.**

Creaciones Luminosas S.L. (CLU): 17 puntos de estética + 4 puntos de deseño Específico **TOTAL= 21 puntos.”**

En relación coa observación realizada no informe sobre Creaciones Luminosas de que os arcos do Carril das Flores non se axustan a un deseño alegórico, compróbase que no prego técnico, aínda que na relación de rúas figura aquela cun asterisco para referirse a que os arcos deben ter un deseño alegórico ao Camiño de Santiago, no texto que segue a este asterisco non se relaciona a dita rúa polo que non ten consecuencia algunha a observación manifestada no informe técnico.

A continuación procédese á apertura do sobre C co seguinte resultado:

LOTE 1.- ILUMINACIÓN SAN FROILÁN

- **ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L.,** comprometese a execución do contrato por importe de 30.734,00 euros. IVE incluído.

- CREACIONES LUMINOSAS S.L., comprometese a execución do contrato por importe de 28.207,52 euros. IVE incluído.

- ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES S.A., comprometese a execución do contrato por importe de 19.723,00 euros. IVE incluído.

LOTE 2.- ILUMINACION NADAL.

- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L., comprometese a execución do contrato por importe de 41.745,00 euros. IVE incluído.

- CREACIONES LUMINOSAS S.L., comprometese a execución do contrato por importe de 42.720,26 euros. IVE incluído.

- ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES S.A., comprometese a execución do contrato por importe de 33.880,00 euros. IVE incluído.

Elaborase os seguintes cadros de puntuacións:

CONTRATACIÓN	ILUMINACIÓN SAN FROILÁN E NADAL EXP. REF 32-2017.		
EMPRESA	Oferta económica	Criterios Non Aut.	PUNTUACIÓN
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L.	11,09	26,00	37,09
CREACIONES LUMINOSAS S.L.	23,46	21,00	44,46
ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES S.A.	65,00	18,00	83,00

CONTRATACIÓN	ILUMINACIÓN SAN FROILÁN E NADAL EXP. REF 32-2017.		
EMPRESA	Oferta económica	Criterios Non Aut.	PUNTUACIÓN
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L.	14,48	25,00	39,48
CREACIONES LUMINOSAS S.L.	8,22	21,00	29,22
ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES S.A.	65,00	22,00	87,00

A Mesa de Contratación acorda propoñer o órgano competente a selección da empresa ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES S.A., para a execución do contrato de SUBMINISTRACIÓN DE ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN (LOTE 1) E NADAL (LOTE 2) DE 2017 **EXPTE REF. 32-2017, a vista do cadro de puntuacións**”.

4º.- Decreto num. 17008053 de 15 de setembro de 2017 da Tenente de Alcalde Delegada da Area de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da lingua polo que se selecciona a ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES S.A., CIF B-94121217, para a execución do contrato de CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2017 (LOTE 1), por importe de 19.723,00 euros e NADAL 2017 (LOTE 2) DE 2017, por importe de 33.880,00 euros.

5º.- Escrito de renuncia presentado pola empresa ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L. en data 19 de setembro no que indican que dado que conforme ao prego de condicións técnicas o alumeado debe estar en funcionamento o vindeiro 28 de setembro o prazo para realizar os trámites non é suficiente polo que renuncia a este contrato.

O artigo 151 do TRLCSP establece que en caso de non cumprimentar a documentación en prazo requirida ao licitador seleccionado recabarase a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedaran clasificados; disposición aplicable neste caso de renuncia xa que anticipa que non vai presentar a documentación requirida.

6º.- Decreto número 17008122, do 20 de setembro do 2017, de selección da empresa CREACIONES LUMINOSAS S.L., para a contratación da subministración de ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RUAS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILAN (LOTE 1), por importe de 28.207, 52 euros.

7º.- Notificado el 21 de setembro do 2017, por correo electrónico.

8º.- Documentación presentada en prazo por correo electrónico o 22 de setembro do 2017.”

2º.- Informe de fiscalización do 28 de setembro do 2017.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude, ACORDASE:

PRIMEIRO.- Adxudicar á mercantil **CREACIONES LUMINOSAS S.L.** CIF B-36.351.484, a execución do contrato de CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2017 (**LOTE 1**), por importe de 23.312 euros máis o IVE (21%) – 4.895,52 euros – resultando un total de **28.207,52 euros**.

SEGUNDO.- Comunicar á empresa adxudicataria que, de conformidade co artigo 140 da LCSP a formalización do contrato que deberá efectuarse non máis tarde dos

quinze días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 135.4.

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Excmo. Concello de Lugo.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución á empresa adxudicataria e demais licitadoras e as dependencias municipais afectadas; e requirir á mercantil adxudicataria, para que procedan ó aboamento dos gastos dos anuncios de licitación por importe de 40,05 **euros**, co fin de formalizar o correspondente contrato administrativo dentro do prazo legalmente establecido, a cal poderase realizar mediante transferencia a calquera destes números de conta ES59 2080 0101 56 3110000947, ES78 0182-6219-51-0010165210 ou ES08 2100-5850-07-0200014045 indicando no concepto GASTOS DE ANUNCIO CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2017 (**LOTE 1**).

QUINTO.- Requirir á mercantil adxudicataria para que antes da formalización do contrato copia da póliza do seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

SEXTO.- Notificar esta resolución ós interesados con indicación de que a dita resolución pon fin á vía administrativa polo que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto

Cumprase.